



# PLAN DIXITAL

IES Val Miñor

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

O IES Val Miñor é un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Atópase situado en Nigrán, rúa Paradellas, nº15, nun entorno rural, o seu correo electrónico é [ies.val.minor@edu.xunta.gal](mailto:ies.val.minor@edu.xunta.gal). No curso escolar 2008/09 instalouse a través de webs dinámicas a plataforma Drupal para dar cabida a páxina web do centro. <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalminor>.

As etapas educativas do centro son as de Ensino Secundario Obrigatorio e Bacharelato. En total, o centro posúe dezoito unidades para un número de alumnos que oscila arredor dos 400. Na actualidade, prestan os seus servizos 42 profesores, nos que se inclúen unha orientadora, un profesor de apoio especialista en pedagogía terapéutica, un mentor dixital ADIX e un responsable UACO (RAOGAL). Ademais, traballan no centro unha administrativa, dúas subalternas e dúas limpadoras.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Nigrán, onde radica o centro, está situado a 15 Km. de Vigo, principal cidade galega. A súa poboación e unha mestura de rural e urbana, dividíndose entre poboación que traballa no mesmo concello ou noutros do Val Miñor e a que traballa en Vigo e utiliza Nigrán como cidade-dormitorio. A situación socioeconómica das familias é tamén moi variada, habendo familias con problemas económicos importantes mesturadas con familias de alto poder adquisitivo. O alumnado da ESO é predominante do mesmo concello, proveniente dos dous colexios públicos de educación primaria que temos adscritos, O Colexio da Cruz de Camos e o Humberto Juanes de Vilameán. O alumnado de bacharelato provén de alumnado do propio centro que aprobou a ESO e alumnado procedente de diversos colexios, tanto privados como concertados do concello e da contorna.

A estratexia dixital do centro quedará recollida no PEC, que se atopa nun proceso de elaboración, tal como recolle o proxecto de dirección presentado polo actual equipo directivo a finais do curso 20-21. Con ese obxectivo, o Plan Dixital formará parte dese proxecto educativo, unha vez sexa aprobado polo consello escolar, unha vez oído o claustro.

Este Plan Dixital contribúe a unha serie de programas de innovación educativa nos que participa o noso centro. Entre eles, o programa Stembach, a modalidade CP-Innova e P- Inclúe, o programa ARCO e PROA+ (estes, incluídos na modalidade Recupera-T), dentro do Contrato-programa, as actuacións dentro das liñas do Plan Proxecta+ que foron presentadas desde o centro. Ademais, o noso centro forma parte da Rede DixitalGal e da rede RAOGAL. En ambos casos, dúas persoas docentes do noso centro foron seleccionadas como responsables ADIX (no caso do mentor dixital) e UACO (no caso do responsable RAOGAL). A maiores, o IES Val Miñor é centro EDIXGAL desde hai cinco anos.

Este Plan Dixital contribuirá aos obxectivos que exporemos na Programación Xeral Anual para o curso 22-23 a través de varias iniciativas, entre as que estará a posta en marcha e consolidación deste Plan, que implica actuacións en campos como o manexo de información dixital e outros.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo.

Este plan Dixital sigue o establecido na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 .

### 1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do plan dixital levouse a cabo mediante un grupo de traballo dentro do plan de formación permanente do profesorado en centros (PFPP: O Plan Dixital do Centro no IES Val Miñor”), integrado polo profesorado que forma parte do Equipo de Dinamización do Plan Dixital. Consistiu na elaboración dunha análise da situación do centro (DAFO) a partir do informe SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente(TCDD) de centro. A partir da análise DAFO creouse o Plan de Acción que recolle a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións. O Plan de Acción implantarase o vindeiro curso.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro dispón de conectividade en todas as aulas , infraestrutura cableada de datos en todo o centro apoiada con conexión wifi e non ten infraestrutura de voz. Baixa cobertura na zona do salón de actos.

O equipamento do centro descríbese nas seguintes táboas:

<p><b>Proxecto E-Dixgal:</b></p> <p>1. Ordenadores: Alumnos: 240 (9 sin asignar) Profesores:24</p>	<p><b>Equipos de xestión e administración:</b></p> <p>1. Ordenadores: 6(3F+3P) 2. Impresoras: 3 (1Scanner) 3. Fotocopiadoras: 1 4. Fax: 1 5. Vídeo cámaras dixitais: 2 6. Cámaras fotográficas: 1</p>
<p><b>Biblioteca:</b></p> <p>1. Ordenadores: 4(2 windows, 2 linux) 2. Proxector: 1 3. Pantalla de proxección portátil: 1 4. Impresoras: 1</p>	<p><b>Aula de Informática 1:</b></p> <p>1. Ordenadores: 20+1P 2. Proxector: 1 3. Encerado dixital: 1</p>
<p><b>Aula de Informática 2:</b></p> <p>1. Ordenadores: 20 2. Proxector: 1</p>	<p><b>Sala de Profesores</b></p> <p>1. Ordenadores: 5</p>
<p><b>Aula de Usos Múltiples</b></p> <p>1. Ordenador: 1P 2. Proxector: 1 3. Mesa de mesturar: 1 4. Micros: 2+2</p>	<p><b>Aula de Música</b></p> <p>1. Ordenadores: 1 2. Proxector: 1 3. DVD: 1 4. Radio amplificador: 1</p>
<p><b>Aula de Plástica (+ Departamento)</b></p> <p>1. Ordenadores: 1 2. Impresoras: 1(Scanner) 3. Proxector: 1</p>	<p><b>Aula de Tecnoloxía (+ Departamento)</b></p> <p>1. Ordenadores: 13 (2P +11P*) 2. Proxector: 1</p>
<p><b>Aula Pedagogía Terapéutica</b></p> <p>1. Ordenadores: 1 2. Proxectores: 1</p>	<p><b>Aulas(17)</b></p> <p>1. Ordenadores: 17 2. Proxectores: 17 3. Encerados dixitais: 17</p>

<b>Departamento de Orientación:</b> 1. Ordenadores: 1P	<b>Departamento de Galego:</b> 1. Ordenadores: 1P
<b>Departamento de Educación Física:</b> 1. Equipo de son portátil: 2 (2 micros) 2. Proxectores: 1	<b>Departamento de Matemáticas:</b> 1. Ordenadores: 1P 2. Impresoras: 1
<b>Departamento de Lingua Castelá</b> 1. Ordenadores: 1P	<b>Departamento de Bioloxía (+ Laboratorio)</b> 1. Ordenadores: 1 2. Proxector: 1
<b>Departamento de Linguas Clásicas, Economía e Filosofía:</b> 1. Ordenadores: 1+1P 2. Proxector: 1 3. Impresoras: 1 4. Encerado dixital: 1	<b>Departamento de Física e Química (+ Laboratorios)</b> 1. Ordenadores: 2 2. Proxectores: 2
<b>Departamento de Xeografía e Historia (+ Aula Arte)</b> 1. Ordenadores: 2 (1P) 2. Impresoras: 1 3. Proxector: 1	<b>Departamento de Francés (+ Aula)</b> 1. Ordenadores: 1 2. Proxector: 1 3. Equipo Amplificador: 1 4. Radio: 1
<b>Departamento de Inglés (+ Aula)</b> 1. Ordenadores profesorado: 1 2. Ordenadores alumnado: 22 3. Impresoras: 1 4. Proxectores: 1 5. Equipo amplificador: 1	<b>Programa Educa en Dixital Galicia:</b> 1. Ordenadores: 19

P Ordenador Portátil  
 F Ordenador fijo

P\*Ordenador Portátil pertencente ao Kit Abalar

O centro dispón dos seguintes servizos dixitais educativos que facilitan a xestión docente: páxina web do centro, aula virtual, plataforma Agueiro, espazo Abalar, Abalar móbil e E-Dixgal. A xestión do mantemento de todo este equipo é realizado por un profesor, o Coordinador TIC do centro.

Enlace o curso "Eu tamén son TIC" na aula virtual do centro, curso que intenta resolver as dúbidas xurdidas na utilización dos aparellos informáticos do centro e proporciona información de uso dalgunha das funcionalidades Abalar-Edixgal:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalminor/aulavirtual/course/view.php?id=404>

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Autoavaliación SELFIE: información do resumo das áreas do informe SELFIE da ESO e de Bacharelato.**

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3,8	3,9		
	Profesorado		3,8	4,3		
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3,3	3,1		
	Profesorado		3,1	3,7		
	Alumnado		2,9	2,9		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		4	4,5		
	Profesorado		4,3	4,6		
	Alumnado		4	3,5		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4,3	4		
	Profesorado		3,8	4,4		
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4,1	3,6		
	Profesorado		3,5	4,3		
	Alumnado		3,9	3,9		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,5	3,4		
	Profesorado		3,1	3,6		
	Alumnado		3,1	2,8		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2,6	3		
	Profesorado		2,3	3,5		
	Alumnado		2,8	2,5		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,7	3,1		
	Profesorado		3,1	3,9		
	Alumnado		3,2	3,2		

**Test CDD:** información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro e o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	19	27	70,4%
PROVISIONAL	4	9	44,4%
INTERINO	4	5	80%
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
69	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	72,1	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	70,3	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P				

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	3	10,7 %
A2	11	39,3%
B1	7	25%
B2	7	25%
C1		
C2		
TOTAL	28	100,00%

## 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Infraestrutura.</li> <li>2. Dispositivos dixitais para a docencia.</li> <li>3. Acceso a internet</li> <li>4. Asistencia técnica</li> <li>5. Dispositivos dixitais para a aprendizaxe</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Maior control na protección de datos</li> </ol>
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Novas modalidades do ensino.</li> <li>2. Participación no DPC (Desenvolvemento profesional continuo)</li> <li>3. Colaboracións</li> <li>4. Reflexión do equipo directivo sobre as necesidades do DPC</li> <li>5. Recursos educativos en liña</li> <li>6. Emprego de entorno virtual de aprendizaxe</li> <li>7. Comunicación coa comunidade educativa</li> <li>8. Implicación do alumnado</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Carencia de avaliación do progreso na incorporación de tecnoloxías</li> <li>2. Intercambio de experiencias</li> <li>3. Avaliación do progreso</li> <li>4. Creación de recursos dixitais</li> <li>5. Proxectos interdisciplinares</li> <li>6. Autorreflexión sobre a aprendizaxe</li> </ol>



	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
	<b>ALUMNADO</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Dispositivos dixitais para a aprendizaxe</li> <li>2. Creación de contidos dixitais</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comportamento seguro</li> <li>2. Comportamento responsable</li> <li>3. Verificar a calidade da información</li> <li>4. Outorgar recoñecemento ao traballo doutros</li> <li>5. Aprender a comunicarse</li> </ol>
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Novas modalidades de ensino</li> </ol>	
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Estratexia dixital</li> <li>2. Desenvolvemento coa estratexia do profesorado</li> <li>3. Novas modalidades de ensino</li> <li>4. Asistencia técnica</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Avaliación do progreso</li> </ol>

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Infraestrutura</li> <li>2. Dispositivos dixitais para a docencia</li> <li>3. Acceso a internet</li> <li>4. Asistencia técnica</li> </ol>	
	<b>LEXISLACIÓN</b>		<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Protección de datos</li> </ol>
	<b>CONTORNA</b>		<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pouca colaboración coas empresas do parque tecnolóxico Porto do Molle</li> </ol>
	<b>ANPA</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Boa comunicación coa asociación de nais e pais</li> </ol>	
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Boa comunicación e colaboración co concello</li> <li>2. Boa comunicación coa universidade a través do programa STEMBach</li> </ol>	

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Están reflectidos nas táboas seguintes.

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Están reflectidas nas táboas seguintes.

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": G: Prácticas de avaliación							
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Manexar información fiable nos documentos e traballos realizados no centro				Acadado		
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Plan Dixital				Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Rúbrica profesorado sobre ítems acordados						
<b>Valor de partida (3)</b>	Non hai ítems acordados nin rúbrica ao respecto						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Rúbrica acordada entre os departamentos e valoración final feita			A finais do curso 22-23			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
<b>A01.1:</b> Creación do documento base de ítems que valorar ao respecto do uso de información fiable.	Xefatura de estudos / Dirección	1º trimestre 22-23	Información e punto de partida desde a CCP. Documento compartido coas Xefaturas de departamento			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
<b>A01.2:</b> Creación dunha rúbrica que recolla os ítems acordados coa CCP.	Xefatura de estudos Dirección Equipo Plan Dixital	2º trimestre 22-23	Formulario de Google compartido co Claustro, que valore o grao de relevancia dos ítems previstos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
<b>A01.3:</b> Formación do alumnado na procura de información fiable en entornos web.	Xefatura de estudos Dirección Equipo Plan Dixital	2º trimestre 22-23	Deseñar sesión de formación sobre procura de información fiable en entornos web. Arquivo da sesión para futuras consultas			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

"Área/s de mellora": H: Competencias dixitais						
<b>2. OBXECTIVO (1):</b>	Recoñecer debidamente a propiedade intelectual nos documentos/traballos que manexemos				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Plan Dixital				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	O 100% do alumnado coñece a necesidade de recoñecemento da propiedade intelectual e máis do 50% dos traballos elaborados por este deixan constancia dese recoñecemento					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non é habitual facer constar este recoñecemento					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	O 90% dos traballos inclúen esta referencia			A finais do curso 22-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO2.1:</b> Deseño dunha ou varias sesións formativas sobre tipos de licenzas de propiedade intelectual e usos destas. esta	Xefatura de estudos / Dirección Equipo Plan Dixital	1º trimestre 22-23	Deseño dun material formativo en formato vídeo/presentación e dunha ou varias sesións presenciais acerca dos tipos de licenzas e os seus usos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.2:</b> Formación do alumnado acerca dos tipos de licenzas coas sesións creadas.	Xefatura de estudos Dirección	2º trimestre 22-23	Sesións presenciais impartidas a todo o alumnado e material en liña accesible a toda a comunidade educativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.3:</b> Aplicación do aprendido acerca dos tipos de licenzas de propiedade intelectual nos traballos elaborados no centro.	Xefatura de estudos Dirección	2º trimestre 22-23 3º trimestre 22-23	Manexo da terminoloxía e simboloxía acordes aos contidos e licenzas compartidos ou referidos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>A02.4:</b> Aplicación dos tipos de licenza de propiedade intelectual nos traballos propios, elaborados por persoas do centro.	Xefatura de estudos Dirección	3º trimestre 22-23 Curso 23-24	Manexo da terminoloxía e simboloxía acordes aos contidos creados		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>"Área/s de mellora": D: Desenvolvemento profesional continuo</b>							
<b>3. OBXECTIVO (1):</b>	Poñer en práctica proxectos ou actividades interdisciplinares					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de estudos					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	O centro elabora un mínimo de 10 proxectos interdisciplinares que se levan á práctica co alumnado						
<b>Valor de partida (3)</b>	Os proxectos interdisciplinares son habituais no centro						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Acadamos unha cifra maior neste tipo de propostas				A finais do curso 22-23		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>		
<b>A03.1:</b> Impulso ao Claustro para que se anime a deseñar este tipo de proxectos e deseño dun formato común que os aglutine.	Xefatura de estudos / Dirección	1º trimestre 22-23	Cada proxecto pode conlevar unha serie de recursos específicos		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>A03.2:</b> Difusión adecuada da posta en práctica deste tipo de proxectos.	Xefatura de estudos Dirección	Curso 22-23	Plataformas do centro (web, abalarMóbil, cartelería...)		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		

"Área/s de mellora": C: Infraestrutura e equipos						
<b>4. OBXECTIVO (4):</b>	Crear un espazo axeitado para a creación de recursos dixitais				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Plan Dixital				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Participación na convocatoria "Polos Creativos" promovida pola Consellería de Educación					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non se resolveu a participación na convocatoria					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Aceptación do proxecto presentado con un número mínimo de 4 departamentos implicados			A principios do curso 22-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO4.1:</b> Recoller propostas por parte do profesorado para a inclusión do centro na convocatoria	Xefatura de estudos / Dirección/ Equipo Plan Dixital	1º trimestre 22-23	Creación dun formulario para a recollida de información (chuvia de ideas)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO4.2:</b> Implementar o espazo destinado á creación de material dixital cos recursos obtidos	Xefatura de estudos Dirección Equipo Plan Dixital	1º trimestre 22-23	Modificación dunha aula do centro para transformala cara o uso decidido na participación da convocatoria "Polos creativos", coa dotación recibida por parte da Consellería		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": E: Pedagogía: Apoios e recursos						
<b>5. OBECTIVO (5):</b>	Crear recursos dixitais				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Plan Dixital e Departamentos implicados				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBECTIVO (2)</b>	Número de ODE (recursos dixitais para o ensino-aprendizaxe) de creación propia aloxados na aula virtual e na plataforma EVA Edixgal.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non hai reconto de ODEs propios					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	15 ODEs de creación propia			A finais do curso 22-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>A05.1:</b> Formación a través do PFPP	Xefatura de estudos / Dirección/Coordinador TIC	1º trimestre 22-23	Aula informática ou a creada pola convocatoria Polos creativos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A05.2:</b> Analizar a planificación horaria para buscar os momentos axeitados de formación entre o propio profesorado	Xefatura de estudos Dirección Equipo Plan Dixital Profesorado implicado	1º trimestre 22-23	Dispoñibilidade horaria e aula ou ben de informática ou a creada pola convocatoria Polos creativos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A05.3:</b> Publicar os recursos dixitais nas plataformas de ensino do centro	Equipo Plan Dixital/ Profesorado implicado	2º-3º trimestre 22-23	Plataformas virtuais de ensino.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



"Área/s de mellora": A: Liderado						
<b>6. OBXECTIVO (8):</b>	Crear o equipo Plan Dixital				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Plan Dixital e Departamentos implicados				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de profesorado participante					
<b>Valor de partida (3)</b>	Sen datos previos					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Constitución dun equipo cun mínimo de 5 profesores/as			A principios do curso 22-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO6.1:</b> Solicitar participación no claustro de final de curso 21-22	Xefatura de estudos / Dirección	3º trimestre 21-22	Convocatoria de claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO6.2:</b> Constitución do equipo que se integrará na Dinamización Dixital do centro	Coordinador TIC/Profesorado integrante	1º trimestre 22-23	Dispoñibilidade dunha hora cada 15 días para o traballo en equipo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:

- No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## 5. Difusión do plan

Co comezo do novo curso se informará aos diferentes membros da comunidade educativa do IES sobre a existencia e os principais contidos do Plan:

- Claustro de Profesorado (Aula Virtual).
- Consello Escolar
- Xunta de Delegados/as do alumnado.
- Información á comunidade educativa a través da páxina web do centro e abalarmóbil.